



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: NOMEAMENTO DE PERSOAL DE PEL 2024 (BIS) E CREACION DE BOLSA DE EMPREGO
EXPEDIENTE: 2024/G003/000440

ANTECEDENTES:

O Concello de Coristanco é beneficiario do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos municipais da Deputación da Coruña (PELConcellos 2024) polo que lle foi autorizada a contratación de 4 peóns con destino a servizos esenciais de competencia municipal.

Levou a cabo un primeiro proceso selectivo, do que se derivou o nomeamento de 2 persoas como Peóns adscritos aos servizos de accesos aos nucleos de poboación e pavimentación de vías urbanas, quedando outras 2 prazas desertas.

Como consecuencia do anterior, iníciase un novo proceso selectivo, publicándose as bases no BOP núm. 73 do 15.04.2024.

Aprobada a listaxe provisional e definitiva de aspirantes admitidos e excluídos sen que se producisen exclusións iniciáronse as probas de selección o pasado martes día 30.04.2024.

Así, consta no expediente Acta do tribunal daquela data na que se reflicte o seguinte resultado das probas selectivas:

ORDE	APELIDOS E NOME	PUNTACIÓN TOTAL
1º	LAPIDO DOLDAN, PABLO	33
2º	GARCIA VARELA, JOSE MANUEL	25
3º	ABELENDIA GARCIA, PERFECTO	20

Tendo en conta que ningún dos intersados presentou xustificación documental de estar en posesión do título CELGA 2 que esixen as bases reguladoras deste proceso, o tribunal realiza a correspondente proba de galego as opositandos, que se fai constar na Acta do tribunal de data 02.05.2024 que consta no expediente, na que se considera como APTO aos tres aspirantes.

O tribunal remitiu a esta alcaldía a proposta de nomeamento de dúas persoas como Peóns dentro do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos municipais da Deputación Provincial da Coruña (PELConcellos 2024) por ser ese o número de prazas pendentes de cubrir.

De igual forma tamén remite proposta de creación de bolsa de substitución para as prazas do PEL ofertadas mentres duren os contratos de traballo desta modalidade habilitados para esta volta, segundo o recollido na



Base novena das bases que rexen este proceso.

Á vista do anterior, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como peóns, dentro do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos municipais da Deputación Provincial da Coruña (PELConcellos 2024), ás seguintes persoas:

- LAPIDO DOLDAN, PABLO
- GARCIA VARELA, JOSE MANUEL

Segundo.- Aprobar a constitución dunha bolsa de substitución para as prazas do PEL ofertadas mentres duren os contratos de traballo desta modalidade habilitados para esta volta, composta pola seguinte persoa:
ABELENDA GARCIA, PERFECTO

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Advertilos de que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso.

Igualmente advertilos da posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Taboleiro electrónico do Concello de Coristanco.

Quinto.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión que celebre.

Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.